

INSPECTOR SUN Y LA MALDICIÓN DE LA VIUDA NEGRA

Julio Soto Gurrupide, 2022

1050

ESTREA EN NUMAX: 30.12.2022 | V.E. | +6 | 82 min

Masha Shangháí, 1934. Nun mundo de insectos paralelo ao dos humanos, o veterano Inspector Sun, unha araña solitaria, lidera a súa última misión contra o seu inimigo Langosta Vermella, antes de embarcarse nun merecido retiro. As súas vacacións a bordo dun avión Pan Am clipper entre Shanghai e San Francisco acaban abruptamente cando o millonario Dr. Spindelthorp aparece asasinado. O que comeza coma un caso rutineiro para Sun, decidirá finalmente o destino da humanidade.



Para petís e para maiores

Por Juan Pando

Este delicioso filme policial mantense dentro das convencións do “Quen o fixo?”, pero en formato de cinema de animación, con insectos e arañas como protagonistas. O seu público maioritario son os máis pequenos, pero o enxeñoso emprego das posibilidades que ofrecen os distintos insectos, cos vagalumes, por exemplo, exercendo de focos dun escenario, e os xogos de palabras, como que a letal araña viúva negra sexa a muller fatal da trama, fana moi divertida para os adultos.

Aos máis cinéfilos ofréceselles, ademais, multitude de referencias, como un piloto que lembra a Marty Feldman, diálogos na liña dos trabalinguas de Groucho Marx e frases de lóxica absurda, como en *A terra como poidas* (Jim Abrahams, David Zucker, Jerry Zucker, 1980). Hai, incluso, un aspecto didáctico, xa que ensina os nenos a distinguir os insectos dos arácnidos polo seu número de patas, tres pares os primeiros e catro os segundos. Os aspectos técnicos non desmerecen dun filme de acción real. O final suxire posibles novas aventuras dos divertidos personaxes.

Publicado en fotogramas.es